

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA



<b>PREFACIO .....</b>	Páxina 2	<b>4º DA ESO .....</b>	Páxina 265
<b>CONTRIBUCIÓN DA MATERÍA DE INGLÉS Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E ESTÁNDARES BÁSICOS</b>	Páxina 4	<b>PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR PARA INGLÉS 4º DA ESO</b>	Páxina 320
<b>A AVALIACIÓN .....</b>	Páxina 9	<b>CONCRECIÓNS PARA O BACHARELATO .....</b>	Páxina 337
<b>CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN .....</b>	Páxina 11	<b>PRIMEIRO DE BACHARELATO .....</b>	Páxina 342
<b>A AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON CONTIDOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES</b>	Páxina 15	<b>SEGUNDO DE BACHARELATO .....</b>	Páxina 460
<b>CONCRECIÓNS PARA A ESO .....</b>	Páxina 17	<b>BACHARELATO INTERNACIONAL .....</b>	Páxina 501
<b>1º DA ESO. ....</b>	Páxina 18	<b>USO DE TIC'S .....</b>	Páxina 504
<b>2º DA ESO .....</b>	Páxina 83	<b>O PLAN LECTOR .....</b>	Páxina 505
<b>3º DA ESO .....</b>	Páxina 128		

# PREFACIO

Co obxecto de que sexa o referente didáctico básico e de aplicación diaria e inmediata para o noso alumnado do *I.E.S. do Castro* de Vigo, e coa intención engadida de sentar as bases sólidas dun proceso de aprendizaxe da lingua inglesa dende os primeiros fundamentos cíclicos da E.S.O. e a súa continuación no Bacharelato, os membros deste Departamento de Inglés presentan este Proxecto Didáctico coas concrecións e secuenciacións para cada un dos cursos do mesmo.

- **A nosa PROGRAMACIÓN ten características que a definen:**

- \*REAL**

- Ten que se poñer en practica real nas aulas, e de feito, ser un reflexo do que xa se está a facer nelas.*

- \*PRÁCTICA**

- Para este ciclo non se buscan obxectivos formais. A practicidade do uso real e directo da lingua inglesa é un dos obxectivos básicos do ciclo, incluso tendo que convivir co erro formal por mor de acadar esa funcionalidade práctica axeitada a súa idade e capacidade.*

- \*ABERTA**

- O concepto da inmutabilidade no Ensino e lacazán e perigoso. O noso proxecto non pode ser unha realidade terminada, esgotada, cerrada. Ten que ser básico pero mutable, definido pero operable, normativo e vinculante pero moldeable a novas realidades de profesorado, alumnado, grupos, capacidades e ritmos.*

- \*DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- É un proxecto baseado na realidade do noso instituto cunha crecente diversidade e variedade de niveis de habilidade no mesmo grupo e curso. Ademais, a recepción de alumnado de diferentes nacionalidades e procedencias require a constante variación e cambio dos contidos e procedementos comúns .*

- \*COMÚN PERO FLEXIBLE**

- A vinculación de tódolos membros do Departamento a este proxecto ven garantida polo consenso acadado na elaboración do mesmo, que o facen real, libre e aberto pero polo demais, obxectivo, avaliable e funcional, respectando as programacións do profesorado.*

- \*AVALIABLE**

- A avaliación da aprendizaxe é un dos dereitos e deberes tanto dos profesores como do alumnado. Por a súa condición de real, e polo tanto realizable, é obxectivamente avaliable polas dúas partes da realidade do Ensino: Os coordinadores e animadores (antano Profesorado) e os aprendices autónomos (antano alumnado).*

- \*COORDENABLE**

- Tódalas características anteriormente expostas facen que a coordinación e seguimento deste proxecto sexa máis doado . As bases e as pautas son o suficientemente indelebles para que, dentro da liberdade de programación, os obxectivos acadados sexan uniformes e corrixibles obxectiva e conxuntamente de acordo co carácter aberto do proxecto.*

- \*INTELEXIBLE**

- As veces a terminoloxía ad hoc remata a ser incomprendible para tódalas partes participantes no proceso educativo. É por iso polo que, aínda conservando o fundamental da xerga educativa, este proxecto evita a especialización de termos non xerais que podan distorsionar a comprensión do senso final deste proxecto.*

- \*DE SOPORTE MÚLTIPLE**

- As novas tecnoloxías, caras pero efectivas, permiten hoxe outros sistemas e procedementos de acercamento ó proceso de aprendizaxe. Tradicionalmente as linguas estranxeiras utilizaron soportes sonoros e visuais como medio e fin nas tarefas educativas. Pois ben, este proxecto terá como tarefas finais das unidades a realización de*

produtos lingüístico-comunicativos, propios do TASK APPROACH, con soporte dixital, ca única limitación dos medios loxísticos dispoñibles polo Instituto ou os do propio profesorado e/ou alumnado.

#### **\*DE FORTE INVESTIMENTO PERSOAL**

Polas dúas partes. Tanto o profesorado como o alumnado teñen unha forte implicación e traballo no mesmo. Os traballos de coordinación, animación e presentación, e posterior avaliación das actividades e tarefas, supoñen un esforzo profesional por parte do profesorado tal, que as veces o cansazo é entendible e hasta útil. Pola parte do alumnado o traballo constante, individual e colectivo, é unha característica fundamental do éxito deste proxecto, do cal premio final non pode ser outro que a satisfacción individual e colectiva de haber acadado os obxectivos perseguidos, e ser gratificados cunha avaliación favorable nesta importante parcela do proceso educativo: a capacidade de comunicarse cos demais e cun mesmo, utilizando códigos lingüísticos diferentes a os da lingua materna.

#### **\*SECUENCIADA, CONTINUA E GRADUAL**

Os feitos lingüísticos nunca acoden de xeito violento como un furacán que ven e vaise. A secuencia de obxectivos, conceptos, procedementos e actitudes está garantida pola propia concepción do proxecto. O seu baseamento case que cotián nas actividades e tarefas propostas por libros de texto concibidos para a Reforma ou polo propio profesorado, dan feito este senso de secuencia entre os dous niveis do ciclo, a continuidade gradual do proceso educativo e avaliativo, que terá que levalo alumnado satisfactoriamente preparado para acceder ó segundo ciclo da E.S.O.

#### TRAZOS METODOLÓXICOS DA PROGRAMACIÓN

- \* Fomento dunha actitude positiva cara á lingua inglesa a través da participación activa do alumnado en tarefas que lle permitan expresar as súas opinións e sentimentos.
- \* Ofrecemento, de acordo cun enfoque que xunta o mellor da metodoloxía moderna da tradicional, uns materiais que facilitan a adquisición das destrezas necesarias para que o alumnado aprenda a desenvolverse na vida real.
- \* Actuación a partires da reflexión sobre o nivel de desenrolo do alumnado. O que significa considerar tanto as súas capacidades xerais como os coñecementos previos.
- \* Busca de formas de adaptación na axuda pedagóxica as diferentes necesidades do alumnado (intereses, motivacións e capacidades).
- \* Impulso da aprendizaxe de contidos caracterizados pola súa significación e funcionalidade.
- \* Dirección do traballo tutorial a intentar estimular no alumnado o desenrolo da capacidade de aprender a aprender.
- \* Fomento do desenrolo da capacidade de socialización e de autonomía do alumnado.
- \* Avaliación continua e continuadora, con elementos de recuperación e revisión de contidos previos.

---

### **Nota importante:**

Dadas as especiais características de convivencia neste curso 2015-2016 dos dous plans educativos en vigor, esta programación didáctica débese entender como **híbrida e dinámica**.

---

# CONTRIBUCIÓN DA MATERÍA DE INGLÉS Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E ESTÁNDARES BÁSICOS

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da *competencia en comunicación lingüística* de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar, unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira, mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas. Por outra banda, o recoñecemento e a aprendizaxe progresiva de regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da *competencia para aprender a aprender* posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade de alumnos e alumnas para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da *competencia social e cidadá*. As linguas sérvenlles aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en gran medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas e, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese aprender de e cos demais.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa competencia en *tratamento da información e competencia dixital*. As tecnoloxías da información e a comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que medra cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira facilita o acceso á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicarnos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios con mozos doutros lugares, e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Así mesmo, na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe, é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, xa que logo, contribúe a adquirir a *competencia artística e cultural* ao propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e se se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como a realización e representación de simulacións e narracións. En definitiva, vehicular en lingua estranxeira o coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén á adquisición da *competencia autonomía e iniciativa persoal*, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón pór en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

## A. COMPETENCIAS BÁSICAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA APRENDIZAXE DA LINGUA ESTRANXEIRA

### ▪ **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

Supón a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita e como instrumento de aprendizaxe e de autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta, polo que contribúe, así mesmo, á creación dunha imaxe persoal positiva e fomenta as relacións construtivas cos demais e coa contorna. Aprender a comunicarse é, en consecuencia, establecer lazos con outras persoas, achegarnos a outras culturas que adquiren sentido e provocan afecto despois de que se coñecen. En suma, esta competencia lingüística é fundamental para aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir. A adquisición desta competencia supón o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos e o uso funcional de, polo menos, unha lingua estranxeira.

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

### ▪ **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

Son as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos que van dende o acceso e selección da información ata o seu uso e transmisión en diferentes soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse. A adquisición desta competencia supón, polo menos, utilizar recursos tecnolóxicos para resolver problemas de modo eficiente e ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información de que se dispón.

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen a posibilidade de comunicarse en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnolóxicas creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

### ▪ **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ**

Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural. Incorpora formas de comportamento individual que capacitan as persoas para convivir en sociedade, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos, polo que adquirirla supón ser quen de pórse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros. En suma, implica comprender a realidade social en que se vive, afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns dende unha actitude solidaria e responsábel.

As linguas sérvenlles aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

### ▪ **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos. En definitiva, apreciar e gozar a arte e outras manifestacións culturais, ter unha actitude aberta e receptiva ante a plural realidade artística, conservar o común patrimonio cultural e fomentar a propia capacidade creadora.

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas a aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

#### ▪ **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

Esta competencia supón, por unha banda, iniciarse na aprendizaxe e, por outro, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, así como buscar respostas que satisfagan as esixencias do coñecemento racional. Así mesmo, implica admitir unha diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e atopar motivación para buscalas dende diversos enfoques metodolóxicos. En suma, implica a xestión das propias capacidades dende unha óptica de procura de eficacia e o manexo de recursos e técnicas de traballo intelectual.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

### **B. COMPETENCIAS BÁSICAS NON DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA APRENDIZAXE DA LINGUA ESTRANXEIRA**

#### ▪ **COMPETENCIA MATEMÁTICA**

Esta competencia consiste, ante todo, na habilidade para utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e co mundo laboral. A adquisición desta competencia supón, en suma, aplicar destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática, expresarse e comunicarse na linguaxe matemática e integrar o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento.

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

#### ▪ **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

É a habilidade para interactuar co mundo físico nos seus aspectos naturais e nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. En suma, esta competencia implica a adquisición dun pensamento científico-racional que permite interpretar a información e tomar decisións con autonomía e iniciativa persoal, así como utilizar valores éticos na toma de decisións persoais e sociais.

Esta competencia, e partindo do coñecemento do corpo humano, da natureza e da interacción dos homes e mulleres con ela, permite argumentar racionalmente as consecuencias duns ou doutros modos de vida, e adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudábel nunha contorna natural e social tamén saudábel. Son parte desta competencia básica o uso responsábel dos recursos naturais, o coidado do medio ambiente, o consumo racional e responsábel, e a protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

#### ▪ **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

Esta competencia refírese á posibilidade de optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsábel dela, tanto no ámbito persoal coma no social ou laboral.

A adquisición desta competencia implica ser creativo, innovador, responsábel e crítico no desenvolvemento de proxectos individuais ou colectivos.

Nunha competencia non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser quen de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, para estes efectos, paradigmática). Por iso, calquera desas competencias poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar estas competencias, independentemente de en cales as puido adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de alcanzar determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar coma fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

Dito isto, queda claro que hai unha evidente interrelación entre os distintos elementos do currículo, e que temos que póla de manifesto para utilizar adecuadamente cantos materiais curriculares se utilizan no proceso de ensino-aprendizaxe. Cando nunha programación didáctica, coma esta, se indican os obxectivos dunha unidade (formulados, do mesmo xeito cós criterios de avaliación, en termos de capacidades), sábese que estes condicionan a elección duns contidos ou outros, da mesma forma que se deben indicar uns criterios de avaliación que permitan demostrar se o alumno os alcanza ou non os alcanza. Por iso, os criterios de avaliación permiten unha dobre interpretación: por unha banda, os que teñen relación co conxunto de aprendizaxes que realiza o alumno, é dicir, haberá uns criterios de avaliación ligados expresamente a conceptos, outros a procedementos e outros a actitudes, xa que cada un destes contidos han de ser avaliados por ser traballados na clase e que son os que se avalían nos diferentes momentos de aplicación da avaliación continua; e por outro, haberá criterios de avaliación que foron formulados máis na súa relación coas competencias básicas.

A avaliación de competencias básicas é un modelo de avaliación distinto ao dos criterios de avaliación, tanto porque se aplica en diferentes momentos doutras avaliacións, coma porque a súa finalidade, aínda que complementaria, é distinta. Se partimos de que as competencias básicas supón unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posíbeis de aplicación, e nestas situacións o habitual é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas. Desta forma, cando avaliamos competencias estamos avaliando preferentemente, aínda que non só, procedementos e actitudes, por iso é polo que as relacionemos cos criterios de avaliación con maior carácter procedemental e actitudinal.

## COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS

As competencias, pola súa propia formulación son, inevitabelmente, moi xenéricas. Se queremos que sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, debemos concretalas moito máis, descompoñelas, sempre en relación cos demais elementos do currículo. É o que chamamos *subcompetencias*, e que sen pretender chegar a abarcar todas as posíbeis, si recollen aquelas que maior relación teñen co currículo da materia e maior presenza en todas as materias polo seu carácter interdisciplinar. Na materia de lingua estranxeira, estas subcompetencias son as seguintes:

### Comunicación lingüística

- Expresar oralmente pensamentos, emocións, vivencias e opinións de xeito sinxelo.
- Adecuar a fala a situacións comunicativas variadas, controlando os elementos non verbais e respectando as regras propias do intercambio comunicativo.
- Ter conciencia das convencións sociais e culturais á hora de producir textos.
- Comprender distintos tipos de textos propios do ámbito académico recoñecendo a súa intención comunicativa e os seus trazos formais.
- Gozar da lectura e, a través dela, descubrir outras contornas, idiomas e culturas.
- Tomar conciencia da necesidade de respectar as normas ortográficas na produción de textos escritos.
- Coñecer os principais procedementos de formación de palabras como instrumento para ampliar o léxico.
- Utilizar un vocabulario suficientemente amplo para expresarse oralmente e por escrito con propiedade e precisión en situacións concretas.
- Compor textos propios do ámbito académico, adecuados ao propósito comunicativo.
- Escribir textos para expresar ideas, sentimentos e experiencias.

### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar, obter, procesar e comunicar información na lingua estranxeira para transformala en coñecemento utilizando sistemas informáticos ou Internet.
- Analizar de xeito crítico a información obtida.

### **Social e cidadá**

- Coñecer e practicar o diálogo como ferramenta básica de comunicación interpersoal e de resolución de conflitos.
- Coñecer os valores que caracterizan unha sociedade democrática: liberdade, solidariedade, participación, cidadanía, tolerancia.
- Valorar a pluralidade lingüística como unha riqueza cultural.

### **Cultural e artística**

- Apreciar a diversidade cultural a partir de diferentes manifestacións artísticas.

### **Aprender a aprender**

- Coñecer e utilizar de xeito habitual as principais estratexias e técnicas que favorecen o traballo intelectual (resumo, esquema, mapas conceptuais...).
- Utilizar diferentes recursos e fontes para a recollida e tratamento da información.

### **Autonomía e iniciativa persoal**

- Actuar con iniciativa e creatividade persoal.
- Desenvolver as habilidades sociais.



# A AVALIACIÓN DO PROXECTO E DO ALUMNADO

Todo proxecto con obxectivos reais e levados a cabo ten o dereito e o deber de ser avaliado.

A avaliación, entendida como parte integrante do proceso de educación dos/as alumnos/as, orienta de xeito permanente o seu aprendizaxe, polo que contribúe á mellora do rendemento. Para lograr isto, a avaliación debe ser continua e estar atenta á evolución do proceso global de desenvolvemento do alumnado: intelectual, afectivo e social.

Neste proxecto pódese avaliar:

## \*a validez do mesmo

Esta avaliación está intimamente unida ás demais e a súa cualificación positiva depende do satisfactorio que sexa o cualificativo acadado en conxunto a tódalas distintas avaliacións.

## \*a capacidade do alumnado en acadar os obxectivos

Nesta avaliación prodúcense moitas circunstancias que deben terse en conta.

-O alumnado debe ser avaliado desde a perspectiva do traballo continuado e a súa participación e interese nas actividades realizadas tanto individual como grupalmente.

-As probas escritas ou orais periódicas, que deben existir e existen, deben ser un reflexo das actividades propostas e levadas a cabo de xeito cotián. Os criterios de corrección serán claros e baseados proporcionalmente a dificultades de cada un dos exercicios propostos. O alumnado terá moi claro onde o profesorado pon o énfase de corrección e rigor.

-As actividades creativas e que impliquen varias destrezas terán unha importancia e consideración especial na avaliación, e debe comunicarse este aspecto ó alumnado.

-Os resultados da avaliación deste ciclo teñen que servir para a autocorrección, e despois da avaliación debe facerse comprender ó alumnado que a persistencia nos mesmos erros prexudican de xeito notable os obxectivos de cada alumno/a e incluso os xerais da aula.

-Por imperativo legal a avaliación é cuantitativa e cualitativa, sendo os informes descritivos moi necesarios, tanto de carácter oral ó interesado como ó seus titores legais.

-Atención á diversidade: O sistema de avaliación continua presenta, como unha das súas principais vantaxes, a posibilidade de prestar especial atención ás diferencias que o alumnado va amosando ó realizar as actividades nas que aplican e concretan os conceptos, procedementos e actitudes seleccionadas. Isto permite perfilar actividades de apoio, para o alumnado que amose algunha dificultade, e actividades de ampliación, para aqueles que amosen maior interese e/ou capacidade. As actividades variadas que se presentan en cada unidade aportan os medios necesarios para atender á diversidade do alumnado. Só o profesorado, no contexto da súa clase e en relación cos seus grupos, pode determinar, con maior precisión que aquí, o momento e xeito no que avaliar determinados contidos e a atención ós criterios xerais fixados neste proxecto curricular.

## \*a capacidade do profesorado en cantidade e calidade no desenvolvemento do proxecto

- avaliada por si mesmo ou por medio de enquisas a facer polo alumnado
- unha avaliación satisfactoria en canto a grado de paciencia, comprensibilidade, accesibilidade e ecuanimidade proporciona ó profesorado un empuxe adicional para completar os obxectivos deste proxecto, ó sentirse gratificado polo recoñecemento expreso dos seus alumnos.

\*a capacidade de recuperación do alumnado non avaliado satisfactoriamente

Esta avaliación poderase facer de xeito simultáneo ó progreso do curso, ben mediante auscultación habitual do alumnado con problemas ou con probas de elementos discretos ou integrais.

Este tipo de avaliación é de aplicación así mesmo ó alumnado que promocióne de nivel sen ter satisfactoriamente acadados os obxectivos do seu nivel previo. Neste caso o profesor/a do nivel no que se atope terá unha especial atención a este tipo de alumnado, que cun ritmo diferente ós demais ten que se esforzar máis.

\*a posibilidade de promoción a niveis superiores do alumnado no que a esta subárea lingüística se refire.

No intre no que se lle require ó profesorado de Inglés a súa opinión sobre as promocións, este terá conta sempre a secuenciación gradual que o coñecemento dunha lingua supón e as dificultades. as veces insuperables, que obxectivamente terá que solventar no nivel superior.

No caso da promoción á Bacharelato, hai que meditar sobre os cambios de proxecto e obxectivos que terá o alumnado neste ciclo educativo non obrigatorio, que pode ir alén das capacidades, aspiracións ou necesidades do alumnado con certos problemas de promoción.

\*o proceso de aprendizaxe.

Para levar a cabo o modelo de avaliación continua vaise a utilizar unha diversidade de instrumentos e procedementos de recollida de información que se sistematizan no seguinte parágrafo.

\*o proceso de ensinanza

Para avaliar o proceso da realización das ensinanzas e metodoloxías empregadas neste proxecto didáctico vanse a utilizar os seguintes :

#### PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS

##### Questionarios

- Ó alumnado.
- Ós pais e nais.

##### Intercambios orais

- Entrevistas con alumnos/as.
- Debates.
- Reunións con pais e nais.

##### Resultados do proceso de aprendizaxe do alumnado

- reunións de profesorado:
  - Departamento
  - Xunta de Aula
  - Claustro, etcétera.

## CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

O alumnado será avaliado cas cualificacións recollidas nas leis e decretos oficiais, de acordo cos diferentes grados de bondade ou insuficiencia amosados nas capacidades para:

1. Comprender global e especificamente mensaxes orais e escritos sobre temas relacionados ca experiencia vital do alumnado ou que resulten de interese para eles.
2. Producir mensaxes orais e escritos comprensibles para o interlocutor e axeitados á situación comunicativa en que se producen, respectando as convencións que tanto o medio escrito como o oral impoñen sobre o falante, aínda no caso de que o discurso producido teña unha estrutura sinxela en exceso ou unha velocidade máis lenta da habitual e algún erro que non impida a comunicación.
3. Usar estratexias lingüísticas e non lingüísticas, así como as formas básicas de interacción social, para transmitir a información desexada, ou para recoñecer os elementos esenciais do discurso e impedir que se rompa a comunicación, de xeito que se poda preservar o contido da mensaxe.
4. Identificar e analizar ca axuda do profesorado e os compañeiros/as as manifestacións culturais propias dos países onde se usa o Inglés, recoñecendo e aceptando de xeito tolerante as diferencias existentes entre as comunidades onde a lingua inglesa e a propia se atopan.
5. Negociar de xeito respectuoso e tolerante da diversidade, co profesorado e compañeiros/as, cantos aspectos atinxan á organización da clase e das actividades, participando activa e respectuosamente na busca de mellores entornadoiros de traballo.
6. Ler de xeito comprensivo e autónomo textos auténticos relacionados co o seu entorno experiencial, utilizando gradualmente con maior autonomía as necesarias fontes de información.
7. Recoñecer os principais procesos implicados na aprendizaxe dunha lingua estranxeira (escoita reflexiva, participación e uso de tódolos medios ó seu alcance para transmitir información ou para recoñecela) e poñelos en práctica.
8. Valorar a actitude positiva de asumir espontánea e conscientemente o risco de tratar de se comunicar en Inglés, aínda que cometendo erros, como o medio máis eficaz de conseguir progresar na adquisición de novos coñecementos nesta lingua, usándoos para controlar e corrixir autonomamente as producións propias e comprender mellor as producións doutros interlocutores.

Tendo en conta estas consideracións xerais, a avaliación accederá a outros compartimentos máis específicos e puntuais :

Dentro do proceso de avaliación, tras a realización dunha inicial, débese proceder a avaliar de modo conxunto, equilibrado e paritario:

- Os contidos
- As capacidades
- Os procedementos
- Os obxectivos acadados
- As actitudes

A cantidade e calidade a ter conta como mínimo de avaliación satisfactoria ven delimitada pola secuenciación de obxectivos, conceptos, procedementos e actitudes correspondentes a cada nivel do ciclo e a cada avaliación.

As capacidades demostradas por cada alumno/a que acaden o grado satisfactorio dunha comunicación coherente, fluída e cohesionada, serán cualificadas de suficientes para enriba. Pero non só teñen que ser cualificadas de suficientes as capacidades, xa que estas teñen moito que ver cos conceptos, procedementos e actitudes.

Esta avaliación de tódolos elementos, destrezas e bloques de contidos debe ser continua, cualitativa e sen excluír a cuantitativa que as veces obxectiva de xeito racional a cualificación a obter polo alumno ou alumna.

En cada período avaliador os profesores deste Seminario avaliarán de xeito secuenciado, gradual, obxectivo e individual para cada alumno/a:

## CONCEPTOS

Que serán iguais para tódolos grupos dun mesmo nivel, aínda que as programacións de cada profesor/a, vistas as diferencias de resposta, rendemento e traballo de cada grupo, poidan segmentar, seleccionar ou salientar algún que outro concepto. O contido de conceptos, procedementos e actitudes será publicado no taboleiro de anuncios que o Instituto ten dedicado ós Departamentos, para que o alumnado teña constancia documental de que é o que se lles require para acadar unha avaliación satisfactoria.

Os profesores/as deste Departamento poñen especial énfase nos conceptos dos seguintes tipos:

- comunicativos-funcionais
- gramático-morfo-sintácticos
- fonéticos
- semánticos
- sociolingüísticos:      xeográficos  
   medioambientais  
   da saúde  
   do ocio  
   da educación vial  
   da educación para unhas relacións humanas en paz e en democracia

## PROCEDEMENTOS E ESTÁNDARES

Así mesmo o profesorado avaliará de forma máis coidadosa e enfática a utilización satisfactoria dos seguintes procedementos:

- Escoitar
- repetir
- preguntar e responder
- Completar cómo se escribe / pronuncia unha palabra
- Frasas a partir dun texto oral / a letra dunha canción / un texto científico/un diálogo
- Producir textos sinxelos e mensaxes orais
- Ordenar: frases nunha carta  
                 palabras nun texto ou canción  
                 liñas nunha secuencia lóxica  
                 palabras alfabeticamente
- Asociar imaxes con estímulos orais, con parágrafos relevantes, adxectivos con antónimos
- clasificar palabras nun cadro semántico
- entrevistas a compañeiros/as, artistas, deportistas,...
- identificación dun tema principal nun texto
- Estratexias de mellora; listening, reading, writing, speaking
- Deducir regras gramaticais, semánticas ou ortográficas
- A aprendizaxe autónoma con recollida de input de forma reflexiva.

## ACTITUDES

Os aspectos actitudinais máis relevantes no proceso avaliador serán:

- Traballar cooperativamente

- Traballar coeducativamente sen consideración de sexo
- Mostrar interese e respecto polos demais, polo coñecemento e utilidade da lingua inglesa, pola aprendizaxe
- Mostrar creatividade na redacción, proxectos e tarefas, e polo uso das novas tecnoloxías, dándolle bo trato ós medios postos a súa disposición
- Mostrar interese polas costumes culturais doutros países de fala inglesa.

## PROCEDIMENTOS, ESTANDARES E INSTRUMENTOS

### Observación sistemática

- Escala de observación.
- Rexistro anecdótico persoal.

### Análises das producións do alumnado.

- Proxectos.
- Cadernos de vocabulario e gramática.
- Exercicios do Caderno.
- Produccións orais.

### Intercambios orais co alumnado

- Diálogo.
- Entrevista.
- Postas en común.
- Asembleas.

### Probas específicas

- Obxectivas.
- Exposición de proxectos.
- Resolución de exercicios.

### Autoavaliación

- Avaliación inicial: *Self test*
- Avaliación formativa: *Show that you can..., Learning Progress/Skills, Unit Worksheets*

- Os niveis de progreso e autocorrección serán levados mediante follas de autoavaliación e satisfacción, ou aproveitando os simpáticos e novos sistemas de caras ou símbolos que amosan o diferente grado de satisfacción acadado.
- O diario de clase do alumnado e do profesorado recolle os niveis de actuación, incidencias e dificultades atopadas no desenvolvemento das unidades didácticas, tarefas, proxectos, contratos ou simples actividades complementarias.
- Táboas de progresión no historial do alumnado tanto en aspectos desta materia como en aspectos interdisciplinares que axuden ó profesorado a tomar decisións de avaliación máis amplas de visión e obxectivos comúns entre asignaturas, ou de promoción. As probas periódicas terán carácter dual:

- probas con elementos discretos de mostra de destrezas receptivas e deductivas, con compoñentes lingüísticos por separado: multiple choice  
true or false  
blank filling-in  
matching
- probas de carácter integral cun corpo conexo, as cales deben ser avaliadas de xeito conxunto, sen separación dos elementos:

Textos con palabras ocultas ou perdidas

Entrevistas  
Redaccións  
Dictados  
Listening

....

- **É OBRIGATORIA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE LECTURA COMPRENSIVA DO NÚMERO DE LIBROS GRADUADOS QUE CADA PROFESOR OU PROFESORA INDIQUE, ASÍ COMO A ENTREGA DOS *READING REPORTS* CORRESPONDENTES EN PRAZO E XEITO ACORDADOS CUN MÁXIMO DE TRES POR CURSO**
- **DO MESMO XEITO É UNHA OBRIGA A REALIZACIÓN DAS TAREFAS DE AUDIO E VÍDEO QUE LLE SEXAN ENCOMENDADAS POLO PROFESORADO, ASEMADA DAS PROBAS, PRESENTACIÓNS E ACTIVIDADES ORAIS E ESCRITAS.**
- **O PROFESORADO RECOMENDARÁ POR ESCRITO A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE VERÁN COMO SISTEMA DE REPASO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE NON APROBE A MATERIA EN XUÑO E TEÑA QUE SE PRESENTAR NA CONVOCATORIA DE SETEMBRO.**
- **Os criterios e peso das cualificacións da cada parte das probas escritas estableceranse explicitamente en cada unha das mesmas por nivel educativo e non teñen por que ser necesariamente os mesmos.**

## A AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON CONTIDOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

### ALUMNADO DOS CICLOS DE E.S.O

O alumnado que non acade os obxectivos na materia previstos en cada un dos niveis ou cursos e que promocióne ó seguinte superior, deberá ser monitorizado de xeito especial polo profesorado que lles imparta clases no curso superior.

Este alumnado deberá amosar o interese e dedicación necesaria para recuperar as carencias anteriores, a cal lle posibilita situarse ó mesmo nivel que os seus compañeiros/as.

O profesorado con alumnado nestas condicións nos diferentes cursos de E.S.O. poderá propoñer unhas actividades especiais (NAS VACACIÓNS DE VERÁN OU DURANTE O CURSO) para eles/as e esixirá o seu cumprimento como condicións sinequanon para unha posible avaliación positiva do alumno ou alumna no nivel que se atope nese intre. Estas tarefas estarán baseadas nos contidos mínimos establecidos nesta PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA para cada un dos niveis da E.S.O.

O alumnado de E.S.O que non acade unha avaliación positiva no curso anterior nesta materia e que promocióne ó curso superior segundo a normativa vixente, será avaliado no día a día das clases de curso superior polo seu profesorado e farán unha primeira proba escrita no mes de Febreiro, ademais de ser monitorizados polo Xefe do Departamento e o seu profesorado na realización dunhas tarefas de recuperación continúa, obrigatoria e en prazos.

No caso de que a superen considerarase que xa recuperaron esta materia e a súa cualificación será reflectida no mes de Xuño na convocatoria oficial. No caso de non superar este proba presentaranse a convocatoria oficial de Maio e se é o caso en Setembro.

Os criterios e peso das cualificacións da cada parte das probas escritas estableceranse explicitamente en cada unha das mesmas por nivel educativo e non teñen por que ser necesariamente os mesmos.

De acordo coas posibilidades horarias do centro e deste Departamento, o alumnado coa materia pendente ( con o coñecemento dos pais e nais) poderanse establecer unhas clases de reforzo nas que o profesorado informará dos seus progresos e da posibilidade de aprobar a materia pendente sen ter facer as probas indicadas anteriormente.

**Os alumnos e alumnas con contidos pendentes, ou non suficientemente asimilados, serán informados negativamente, con posible efecto nas decisións das súas promocións, na Xunta de Avaliación final do curso no que se atopen se non houberan realizado satisfactoriamente as tarefas que se lles encomendou facer ao longo do curso para recuperar as súas deficiencias na materia, e/ou se os eus hábitos e intereses de traballo amosados por estes alumnos e alumnas foran manifestamente insuficientes.**

### ALUMNADO DE 2º BACHARELATO

O alumnado de 2º de Bacharelato que non acade unha avaliación positiva no curso anterior nesta materia e que promocióne ó curso superior segundo a normativa vixente, será avaliado no día a día das clases de 2º polo seu profesorado e farán unha primeira proba escrita no mes de Febreiro.

No caso de que a superen considerarase que xa recuperaron esta materia e a súa cualificación será reflectida no mes de Maio na convocatoria oficial. No caso de non superar este proba presentaranse a convocatoria oficial de Maio e se é o caso en Setembro.

Os criterios e peso das cualificacións da cada parte das probas escritas estableceranse explicitamente en cada unha das mesmas por nivel educativo e non teñen por que ser necesariamente os mesmos.

O profesorado fará un seguimento das condicións nas que se atopa o alumnado durante o curso e observará o seu especial interese e dedicación por superar as súas carencias en contidos e actitudes, ademais de ser monitorizados polo Xefe do Departamento e o seu profesorado na realización dunhas tarefas de recuperación continúa, obrigatoria e en prazos.

Animarase ó alumnado a visitar e facer saber ó profesorado as dúbidas e problemas cos que se atopen para recuperar as súas deficiencias na materia.

De acordo coas posibilidades horarias do centro e deste Departamento, o alumnado coa materia pendente ( con o coñecemento dos pais e nais) poderanse establecer unhas clases de reforzo nas que o profesorado informará dos seus progresos e da posibilidade de aprobar a materia pendente sen ter facer as probas indicadas anteriormente.

## **A AVALIACIÓN DO ALUMNADO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO**

De acordo coa normativa vixente, o alumnado que teña que presentarse a esta convocatoria extraordinaria realizará unha proba escrita, confeccionada e normalizada polo Departamento de Inglés, e común para todo o alumnado de cada nivel.

A avaliación realízase sobre esa proba escrita DE MÍNIMOS e con criterios de cualificación axustados e axeitados a ditos mínimos e que non supoñan unha disparidade e discriminación de criterios coas condicións estándar establecidas para alumnado que aprobou esta materia na convocatoria ordinaria.

Os criterios e peso das cualificacións da cada parte das probas escritas estableceranse explicitamente en cada unha das mesmas por nivel educativo e non teñen por que ser necesariamente os mesmos.



# CONCRECIÓNS PARA A E.S.O.

## Obxectivos HÍBRIDOS.

En xeral, o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante.
2. Comunicarse oralmente en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. Escribir textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
5. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe).
8. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
9. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira.
10. Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos.

# Primeiro curso.

## Contidos.

Bloque 1. escoitar, falar e conversar.

- \* comprensión de mensaxes orais sinxelas e básicas para realizar actividades de aula.
- \* comprensión de textos orais sinxelos gravados ou en diferentes soportes multimedia, conectados cos seus intereses e apoiados con imaxes, sons e xestos.
- \* uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación.
- \* Memorización de producións orais breves significativas (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, para manter a atención), propias da vida cotiá.
- \* Produción de mensaxes orais curtas, con estrutura lóxica e con pronuncia que non impida a comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios....).
- \* Participación en conversas breves e sinxelas controladas dentro da aula, espontáneas e/ou en simulacións relacionadas con experiencias e intereses persoais.
- \* uso de respostas axeitadas ás cuestións requeridas polo profesor/a e os compañeiros/as nas actividades de aula.
- \* Identificación e desenvolvemento progresivo de estratexias para superar as interrupcións na comunicación (como por exemplo a demanda de repetición e aclaración entre outras), facendo uso de elementos verbais e non verbais nas actividades de aula en parella e en grupo.
- \* Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a persoas doutras culturas.
- \* Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas.
- \* uso de estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas.
- \* comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira.

Bloque 2. Ler e escribir.

- \* comprensión de instrucións básicas para a resolución de actividades presentadas por escrito.

- \* Asociación e identificación de grafía, pronuncia, fonema e significado a partir de modelos escritos, de imaxes, con palabras coñecidas e relacionadas con temas próximos ao alumnado, en situacións contextualizadas empregando diferentes recursos visuais e informáticos.
- \* Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes tipos de textos sinxelos auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre diversos temas axeitados á súa idade e relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- \* Iniciativa para ler con certa autonomía textos axeitados á idade, intereses e nivel de competencia do alumnado.
- \* Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen.
- \* Recoñecemento dalgúns das características e convencións da linguaxe escrita e como se diferencia da linguaxe oral.
- \* Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, como por exemplo completando ou modificando frases e parágrafos sinxelos.
- \* Composición de textos curtos sinxelos, coñecidos previamente en producións orais, con elementos básicos de intencións comunicativas a partir de modelos e utilizando cohesión e con diversas estratexias como a planificación, textualización e revisión do texto.
- \* Coidado na presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital usando as regras básicas de ortografía e de puntuación e recoñecendo a súa importancia na comunicación escrita.
- \* Valoración positiva dos textos escritos propios e os do resto das persoas da aula, colaborando na súa produción e exposición e integrándoas na rutina da aula.
- \* Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información e realizar tarefas individuais ou en grupo.
- \* Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira.

### Bloque 3. Coñecementos da lingua. Coñecementos lingüísticos.

- \* Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua como o substantivo, o verbo, o adxectivo, o adverbio ou a preposición e conectores básicos de adición, enumeración e ordenación.
- \* Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas sinxelas e de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns e a contidos doutras materias do currículo.
- \* Identificación de antónimos básicos e de uso habitual.
- \* Uso de estruturas e funcións básicas relacionadas coas situacións cotiás máis predicibles.

- \* Identificación de fonemas de especial dificultade.
- \* Recoñecemento e produción de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. Reflexión sobre a aprendizaxe.
- \* Aplicación de estratexias básicas para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
- \* Uso progresivo de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas e tecnoloxías da información e a comunicación.
- \* Reflexión guiada sobre o uso e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas.
- \* Iniciación nas estratexias de autoavaliación e autocorrección das producións orais e escritas propias.
- \* Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e ter unha actitude positiva para superalo.
- \* Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- \* Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela. \* Participación activa e cooperativa en actividades e traballos grupais.
- \* Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

#### Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.

- \* Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación na aula, ou con persoas doutras culturas.
  - \* Identificación dos principais costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira.
- Comparación cos patróns culturais existentes en Galicia, evitando os estereotipos.
- \* Uso de fórmulas de cortesía axeitadas nos intercambios sociais.
  - \* Coñecemento dalgúns trazos históricos e xeográficos dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a internet e outras tecnoloxías da información e comunicación.
  - \* Interese e iniciativa na comunicación con falantes ou aprendices/zas da lingua estranxeira, utilizando soporte papel ou medios dixitais.
  - \* Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

Concrecións de contidos lingüísticos mínimos: -Saudar, dar, pedir e comprender información persoal. -Fórmulas: saúdos e despedidas. -Verbos be e have got. -Pronomes persoais, demostrativos e interrogativos. -Artigos determinados e indeterminados: uso do artigo diante das profesións e omisión diante de substantivos xerais. -Singular e

plural do substantivo: plurais irregulares máis comúns. -Orde das palabras na oración. Adxectivo +substantivo. -Estructura das oracións interrogativas, negativas e afirmativas. -A posesión: o xenitivo saxón. -Preposicións: on, in, at, etc. -A cantidade: números cardinais. -Formación de palabras. Dar, pedir e comprender instrucións e direccións. -Imperativos. -Can. -Fórmulas: How can I get to...? Can you tell me the way to..?. -Frases adverbiais: turn right, go straight on, on your left, etc. -Números ordinais. Describir e comparar persoas, lugares e cosas, pedindo e dando información sobre as mesmas. -Presente simple. -There is / there are. -Some / any. -Adxectivos cualificativos. -Preposicións de lugar: in, on, at, under, next to.. -Substantivos contables e incontables. -How much / how many. Expressar hábitos, gustos, habilidades, coñecementos e estados físicos e anímicos. -Presente simple con adverbios de frecuencia: usually, always, often., etc. e frases adverbiais: once a week, twice a month, etc. - Like / love / dislike / don't like / hate ... + substantivos. -Pronomes persoais obxecto. -Can. -Adverbios de grao: very much, at all, a lot... -Conectores: and, but, because. - Expresións que denoten hora, día e data. -Respostas curtas. Dar, pedir e comprender información sobre accións en curso contrastándooas coas habituais. -Presente continuo en contraste co presente simple. -Expresións temporais: now, today, on Mondays. -Indefinidos. Describir e narrar feitos pasados. -Pasado simple do verbo to be. -There was / there were. -Pasado simple de verbos regulares e irregulares. -Adverbios e frases adverbiais: yesterday, last week, etc. Expressar plans e intencións para o futuro. -Presente continuo con valor de futuro. -Be going to + verbo. -Adverbios e frases adverbiais: tomorrow, next week ... Facer suxestións, aceptalas e rexeitalas. -Let's. 18 -Why don't we...?. Expresión da obriga. -Must / mustn't. Léxico. -Relacionado cos temas tratados: a familia, os amigos, os alimentos, o tempo, a roupa, as vacacións, etc. -Fórmulas e expresións. Fonética. -Pronunciación da terminación /s/, /z/, /iz/. -Pronunciación da terminación -ing. -Pronunciación da terminación -ed no pasado simple. -Pronunciación de vocais e consonantes de especial dificultade: t, d, h, r, a, etc., insistindo nas diferencias coa(s) lingua(s) materna(s) (galego e castelán). -Pronunciación das formas débiles: was / were / can / some / etc. -Acentuación das palabras e frases. -Entoación de frases: suxestións e respostas ás mesmas; preguntas do tipo: Wh- , yes / no, etc. -Ritmo.

### **CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN PARA PRIMEIRO DA E.S.O.**

1. Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais emitidas cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns se se fala amodo e con claridade. A través deste criterio apreciase a capacidade de alumnos e alumnas para comprender o esencial de diálogos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais, aínda que non se comprendan na súa totalidade. Trátase de avaliar esencialmente se se identifica o significado de instrucións, comentarios, preguntas e respostas, diálogos curtos, descricións e narracións breves sobre temas cotiáns utilizando as estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

2. Comunicarse oralmente participando en conversas e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente, utilizando as estratexias axeitadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible e axeitado á intención de comunicación. Este criterio avalía a capacidade de comunicarse oralmente participando en conversas, reais ou simuladas, sobre temas coñecidos. Estas consistirán esencialmente en presentar e contestar preguntas, intercambiar ideas e información, relatar experiencias sobre temas familiares en situacións predicibles utilizando os recursos lingüísticos e as estratexias que aseguren a comunicación. As producións poderán ter incorreccións léxicas, morfosintácticas ou fonéticas que non dificulten a comunicación.

3. Identificar e interpretar palabras e enunciados sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para o alumnado, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. A través deste criterio apreciarase a capacidade para comprender textos diversos: instrucións, correspondencia, descricións e narracións breves, mensaxes, cuestionarios, etc. aplicando estratexias básicas de lectura como a inferencia de significados polo contexto ou por elementos visuais ou a comparación coas linguas que o alumnado coñece. Con este criterio tamén se avalía a capacidade de ler textos, en soporte papel ou dixital, de certa extensión, para aprender ou para gozar da lectura, recorrendo ao dicionario cando sexa preciso.

4. Redactar de forma guiada textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico axeitados, así como algúns elementos básicos de cohesión, partindo de modelos e respectando as regras elementais de ortografía e puntuación. Este criterio avalía a capacidade para redactar, aínda que de forma elemental, notas, descrições, correspondencia postal ou electrónica e mensaxes. Os textos conterán palabras de uso habitual, oracións simples e conectores básicos. Valorarase tamén a presentación clara, limpa e ordenada, en soporte papel ou dixital.

5. Na lingua propia, comparar aspectos da vida cotiá dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando elementos básicos e evitando estereotipos. A través deste criterio trátase de avaliar o interese por coñecer a outra cultura e se as alumnas e alumnos son consciente do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas doutras culturas.

6. Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira estudada. Trátase de avaliar a capacidade de facer mediación entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.

7. Identificar e utilizar algunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe. Este criterio pretende avaliar se o alumnado identifica e utiliza as estratexias básicas que favorecen o proceso de aprendizaxe, como a capacidade de ir valorando os seus progresos, a reflexión sobre como aprende un mesmo máis e mellor, a incorporación da aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe, a utilización de formas diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico, o uso correcto do dicionario para identificar a acepción axeitada ao contexto; o uso de recursos bibliográficos, informáticos e dixitais co fin de recoller información, ampliar ou revisar aspectos traballados na aula, etc.

8. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais amosando interese polo seu uso. Trátase de valorar con este criterio a capacidade do alumnado de utilizar as tecnoloxías da información e comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe, en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais de forma guiada. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados e realizaranse a partir de modelos. Tamén se terá en conta a actitude cara a lingua estranxeira, os intentos por utilizala e se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor.

#### **CRITERIOS ESPECÍFICOS MÍNIMOS PARA A AVALIACIÓN POSITIVA DO ALUMNADO DE PRIMEIRO DA E.S.O.**

O alumado de PRIMEIRO DA E.S.O. será avaliado, ademais de cos CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN, de acordo cos diferentes graos de bondade ou insuficiencia amosados nas capacidades específicas para:

- Comprender de xeito global, por medio dunhas pautas dadas, textos orais e escritos: cancións, diálogos, narracións, cartas...
- Relacionar textos orais con ilustracións e textos escritos.
- Extraer información específica de textos orais e escritos auténticos: detectar palabras clave e contestar a algunhas preguntas.
- Extraer información específica de textos orais para reencher estadiños, completar frases . . .
- Usar o inglés oralmente para describir, xogar, opinar, dramatizar, formular preguntas e respostas, etc., apoiándose en ilustracións y textos escritos.
- Analizar e extraer información específica de textos escritos por medio de preguntas.
- Deducir, identificar e analizar a forma, función significado dalgúns aspectos da gramática, pronunciación do Inglés, completando frases e contestando a preguntas.
- Clasificar o vocabulario segundo uns

criterios dados: campo semántico, función... • Completar descrições, formularios, enquisas, notas breves, etc., usando unhas palabras dadas e seguindo un modelo. • Producir textos orais e escritos comprensibles cun nivel básico de corrección e precisión . • Usalo aprendido para corrixir textos orais ou escritos onde a parte errónea téñase identificada previamente. • Realizar un proxecto usando o vocabulario e as estruturas aprendidos e información gráfica seguindo unhas pautas dadas. • Usar distintas formas de aprender o Inglés: cantar, ler, dramatizar... • Participar activamente en diálogos, enquisas e dramatizacións usando estratexias para non romper a comunicación: xestos, debuxos... • Aplicar distintas técnicas na obtención de información usando fontes como dicionarios, enciclopedias, revistas, vídeos... • Mostrar interese polo xogo lingüístico e a creación persoal creando diálogos e xogos. • Mostrar curiosidade e respecto por aspectos socioculturais dos países anglófonos participando en dramatizacións, realizando as actividades propostas e analizando cancións segundo unhas pautas dadas. 20 • Comparar e analizar algúns aspectos dos países anglófonos cos do noso país: obras literarias, cancións, anuncios, etc., seguindo unhas pautas dadas. • Valorar comportamentos que favorecen a comunicación e a convivencia, escoitando con respecto ós compañeiros e compañeiras, usando fórmulas de respecto... • Valorar o propio proceso de aprendizaxe por medio de cuestionarios.

---

**• É OBRIGATORIA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE LECTURA COMPRESIVA DO NÚMERO DE LIBROS GRADUADOS QUE CADA PROFESOR OU PROFESORA INDIQUE, ASÍ COMO A ENTREGA DOS READING REPORTS CORRESPONDENTES EN PRAZO E XEITO ACORDADOS CUN MÁXIMO DE TRES POR CURSO • DO MESMO XEITO É UNHA OBRIGA A REALIZACIÓN DAS TAREFAS DE AUDIO E VÍDEO QUE LLE SEXAN ENCOMENDADAS POLO PROFESORADO, ASEMADA DAS PROBAS, PRESENTACIÓNS E ACTIVIDADES ORAIS E ESCRITAS. • O PROFESORADO RECOMENDARÁ POR ESCRITO A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE VERÁN COMO SISTEMA DE REPASO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE NON APROBE A MATERIA EN XUÑO E TEÑA QUE SE PRESENTAR NA CONVOCATORIA DE SETEMBRO. • Os criterios e peso das cualificacións da cada parte das probas escritas estableceranse explicitamente en cada unha das mesmas.**

---

## SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

### ▪ Elementos transversais

O noso proxecto *Mosaic* incorpora e desenvolve o conxunto de elementos transversais recollidos pola LOMCE e polo Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como é de esperar, na materia da lingua inglesa se traballan principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC a través de:

- O **iPack**: material para usar en lousas dixitais inclúe presentacións, exercicios, práctica para efectuar diálogos, vídeos e xogos para aprender inglés dixitalmente.
- O **Digital Workbook** tamén ofrece actividades interactivas.
- O **Oxford Online Learning Zone** e recursos na **web de Oxford University Press España** con práctica interactiva, webquests, vídeo, material de audio para os ditados do WB, etc.
- O vídeo interactivo **'Riverpark Mystery'** ofrece ós alumnos unha historia multimedia interesante para consolidar a súa aprendizaxe durante todo o curso.
- Actividades con vocabulario típico da linguaxe multimedia, por exemplo :
  - Nas unidades Starter, 3 e 8 (p.5, p.34, p.46, p.106): os alumnos len un **blog** e escoitan a un **blogger**.
  - Na unidade 1 (pp.17-18): os alumnos aprenden o formato e a pronunciación das direccións nun **email** e describen unha habitación **virtual**.
  - Na unidade 2: os alumnos crean un perfil persoal para unha rede social.
- O apartado **Curriculum Extra** (Unidade 3 - Páx. 125) ofrece ós alumnos información adicional sobre **digital presentations**.

O emprendemento tamén se traballa no *Mosaic* xa que o método axuda ós alumnos a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real, a través, por exemplo, de:

Nas actividades de expresión oral invítase aos alumnos a expresar as súas opinións persoais, a contrastar as súas ideas e a compartir e a organizar o traballo en grupo, así nas unidades 1 (páx. 17), 2 (p.29), 6 (p.79), 7 (p.93), 8 (p.105), 9 (pp. 117,122) os alumnos inventan o contexto para producir o seu propio **role play** e as súas conversacións.



Ademais na:

- Unidade 1: os alumnos expresan a súa opinión acerca das casas doutras persoas (p.12).
- Unidades 2 e 4: os alumnos expresan a súa opinión acerca do tempo libre e dan razóns. (p.23, p.46)
- Unidades 1-9: os alumnos completan as tarefas de expresión oral por parellas ou en grupos reducidos.

Os alumnos teñen a posibilidade de desenvolver en grupo diferentes traballos (proxectos) despois de realizar as unidades 3,6 e 9 de traballar en cooperación e de estender os seus coñecementos máis alá da aprendizaxe dunha lingua.

- **Project 1: Writing - 'This is me!'** no que se realiza un poster presentando aos seus amigos e posteriormente avaliando os posters que realizaron os seus compañeiros. (pp.44-45)
- **Project 2: Group work- 'This is where we live!'** no que os alumnos se informan e realizan un tríptico para promover a zona onde viven. Logo compáranos co que fixeron os compañeiros e avalían o seu traballo tomando ideas acerca do leaflet que estea mellor. (pp.82-83)
- **Project 3: Speaking- 'My time capsule'** no cal os alumnos realizan unha presentación multimedia especificando os obxectos importantes hoxe en día para dalos a coñecer nun futuro próximo. A avaliación supón un crecemento persoal en canto a observar que presentacións se fixeron máis interesantes, máis amenas, máis comprensibles e máis claras.(pp.120-121).

*Mosaic* tamén fomenta a **educación cívica e constitucional** en cada unha das unidades, xa que se aprende sobre un tema nun contexto social e histórico e se fomenta o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario:

- Starter Unit: classroom language ademais do nome dos países e dos seus habitantes
- Unidade 1: pedir e dar información persoal; tipos de familias e de fogares e o coidado das mascotas.
- Unidade 2: os alumnos preparan unha reunión; ecoloxía; festas e festividades.
- Unidade 3: os alumnos fan suxestións e dan a súa opinión; tipos de escolas; produción dun vídeo script para presentar a súa escola a outros alumnos.
- Unidade 4: os alumnos preguntáanse uns a outros sobre información para realizar viaxes. (pp.54-55)
- Unidade 5: os alumnos realizan unha conversación telefónica; as organizacións caritativas; os riscos e os perigos persoais que toda persoa debe encarar.

- Unidade 6: os alumnos móvense en diferentes ambientes e ordenan un menú nun restaurante; temas sociais na escola e na casa; os graffiti.
- Unidade 7: comprando roupa; aparencia, moda e cultura.
- Unidade 8: os alumnos preguntan e dan direccións; cambios históricos e sociais.
- Unidade 9: fan plans para o fin de semana e dan a súa opinión persoal acerca do impacto da tecnoloxía nas nosas vidas.
- Project 2: crean un tríptico describindo o seu ámbito.
- Project 3: avalían a importancia dos obxectos nos nosos días para gardar os máis significativos nunha cápsula do tempo.

## ▪ Starter Unit

OBXECTIVOS	CONTIDOS LINGÜÍSTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE- TENCIAS
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>				
a) c) d) i)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estratexias de comprensión: identificación do tipo de información contida nas audicións sobre un quiz, unha entrada nun blog e un texto sobre horarios; inferenza na comprensión das indicacións do profesor e das instrucións para levar a cabo as tarefas.</li> </ul>	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.	CL CD AA CEC
		B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	CL AA CEC
		B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez..	CL CD AA CEC
		B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en	PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos	CL

		<p>conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p>	<p>principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.</p>	<p><b>AA</b> <b>CEC</b></p>
		<p>B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.</p>	<p>PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.</p>	<p><b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b></p>
		<p>B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.</p>	<p>PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.</p>	<p><b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b></p>
<b>Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción</b>				
<p>a) c) d) i)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estratexias de produción: presentación persoal seguindo o modelo; observación dun debuxo e enumeración dos obxectos que o suxeito ten ou lle faltan; lectura de expresións con linguaxe corporal.</li> </ul>	<p>B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p>	<p>PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p><b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b></p>
		<p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</p>	<p>PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.</p>	<p><b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b></p>
		<p>B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronunciación intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.</p>	<p>PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p>	<p><b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b></p>
		<p>B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita</p>	<p>PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e</p>	<p><b>CL</b> <b>CD</b></p>

		e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto	reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	<b>AA</b> <b>CEC</b>
		B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).	PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	<b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
		B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.	PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
		B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación..		
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>				
a) c) d) e) i)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estratexias de comprensión: revisión de coñecementos previos. Comprensión de textos sinxelos en diferentes contextos de comunicación: unha descrición dunha familia.</li> </ul>	B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
		B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).	PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b>

			estrutturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.	CEC
		B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionas con outras materias do currículo.	PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.	CL CD AA CEC
		B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual	PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.	CL CD AA CEC
		B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc.	PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.	CL CD AA CEC
		B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.	CL CD AA CEC
<b>Bloque 4: Produción de textos escritos</b>				
a) c) d) i)	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estratexias de produción: estudo e análise dos exemplos presentados. Revisión, memorización e uso das estruturas utilizadas.</li> </ul>	B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, poñendo unha idea principal en cada parágrafo, etc.).	PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.	CL CD AA CEC
		B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible..	PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.	CL CD AA CEC
		B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.	PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos	CL CD

			seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	AA CEC
		B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.	PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.	CL CD AA CEC
		B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.	PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.	CL CD AA CEC
		B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.	PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	CL CD AA CEC
<b>Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural</b>				
a) c) d) i) o)	<ul style="list-style-type: none"> <li>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: audición e repetición do phonetic alphabet.</li> <li>Patróns gráficos e convencións ortográficas: reprodución e vocabulario da unidade.</li> <li>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: un texto sobre horarios; intercambio comunicativo sobre as imaxes; aplicación da linguaxe funcional en intercambios sobre información persoal; dous perfiles profesionais.</li> <li>Funcións comunicativas: descrición e expresión da linguaxe de aula; dunha</li> </ul>	B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións.	PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	CL AA CEC
		B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).	PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.	CL AA CEC
		B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.	PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).	CL CD AA CEC

<p>familia, presentación persoal; das preferencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: <b>a aula e as materias:</b> <i>bin, book, calculator, chair, desk, door, laptop, notebook, poster, school bag, whiteboard, window, Geography, History, Maths, PE, Science.</i> <b>Países e nacionalidades:</b> <i>American, Argentinian, Australian, Brazilian, Chinese, English, French, German, Russian, Greek, Irish, Japanese, Kenyan, Pakistani, the USA, the UK, Spain, Colombia, India, Italy</i></li> <li>Estruturas sintáctico-discursivas: descrición persoal. <i>Subject pronouns, possessive adjectives, prepositions of place, have got, imperative.</i></li> </ul>	<p>B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.</p>	<p>PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p>	<p>CL CD AA CEC</p>
	<p>B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p>	<p>PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua</p>	<p>CL AA CEC</p>
	<p>B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p>	<p>PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).</p>	<p>CL AA CEC</p>
	<p>B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado.</p>	<p>PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p>	<p>CL AA CEC</p>
	<p>B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CL CD AA CEC</p>
	<p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		

## Unit 1 – Family and home

OBXECTIVOS	CONTIDOS LINGÜÍSTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE- TENCIAS
Bloque 1. Comprensión de textos orais				

a) c) d) i)	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estratexias de comprensión: audición ou visionado de vídeos para extraer información; comprensión de información global e/ou esencial nun programa de radio; audición e comprensión de anuncios, audición e compleción dun texto descritivo.</li> </ul>	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.	CL CD AA CEC
		B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	CL AA CEC
		B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro están dar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez..	CL CD AA CEC
		B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.	PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.	CL AA CEC
		B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.	PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.	CL AA CEC
		B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.	PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	CL CD AA CEC
<b>Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción</b>				
a) c)	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estratexias de produción: descrición dunha familia e unha casa; descrición de</li> </ul>	B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións	PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira	CL CD



d) i)	persoas; descrición de lugares; expresión de opinións.	de cando en vez.	nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	<b>AA</b> <b>CEC</b>
		B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.	PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe).
8. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
9. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira.
10. Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira; establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos, valorando e respectando os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural; coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

#### Bloque 1. escoitar, falar e conversar.

- \* Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados.
- \* Comprensión global e específica de textos orais de progresiva complexidade, relacionados con actividades propias da aula, cos intereses das alumnas e dos alumnos, cos seus sentimentos, desexos e gustos.
- \* escoita, identificación e comprensión de información xeral e específica de mensaxes sinxelas, de progresiva dificultade, cara a cara ou emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos, pronunciados con lentitude e claridade.
- \* Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave e identificación da intención do falante.
- \* Produción oral de descrições, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos.
- \* Participación en conversas e simulacións sobre temas cotiás e de interese persoal con diversos fins comunicativos.
- \* Emprego de respostas espontáneas a situacións de comunicación na aula.

- \* Uso progresivamente autónomo das convencións máis habituais e propias da conversa en actividades de comunicación reais e simuladas.
- \* Uso progresivamente autónomo no uso de estratexias de comunicación para resolver as dificultades durante a interacción.
- \* Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira.

## **Bloque 2. Ler e escribir.**

- \* Comprensión da información xeral e específica de textos auténticos, en soporte papel e dixital, sobre temas cotiás de interese xeral e relacionados con contidos doutras áreas do currículo.
- \* Lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses, para obter información ou goce.
- \* Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas individuais ou en grupo.
- \* Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación do contido dun texto escrito coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso do contexto, de dicionarios ou aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados.
- \* Producción guiada de textos sinxelos e estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión de borradores) que axuden á reflexión sobre o proceso de escritura.
- \* Uso progresivamente autónomo do rexistro apropiado ao lector ao que vai dirixido o texto (formal e informal).
- \* Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira mediante a correspondencia postal ou utilizando medios informáticos: chats, correo electrónico, etc.
- \* Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital, utilizando adecuadamente a ortografía e os signos de puntuación.
- \* Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira.

## **Bloque 3. Coñecemento da lingua.**

### **Coñecementos lingüísticos.**

- \* Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiás e temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.
- \* Uso, con progresiva autonomía, de expresións fixas, enunciados e léxico sobre temas de interese persoal.
- \* Identificación de antónimos, de «falsos amigos» e de palabras con prefixos e sufixos máis habituais.
- \* Uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación.
- \* Recoñecemento e pronuncia de fonemas de especial dificultade.
- \* Recoñecemento e produción de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

### **Reflexión sobre a aprendizaxe.**

- \* Aplicación de diferentes estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.
- \* Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
- \* Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece.
- \* Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
- \* Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- \* Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- \* Participación activa en actividades e traballos grupais.
- \* Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

#### **Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.**

- \* Valoración do uso da lingua estranxeira como medio para comunicarse con persoas de procedencias diversas.
- \* Identificación dos trazos comúns e das diferenzas máis significativas que existen entre os costumes, usos, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda respecto a patróns culturais existentes en Galicia.
- \* Uso apropiado desde o punto de vista socio-cultural de fórmulas lingüísticas en situacións concretas de comunicación para expresar matices semánticos como cortesía, acordo, discrepancia, etc.
- \* Coñecemento dos elementos culturais máis significativos dos países onde se fala a lingua estranxeira: literatura, arte, música, cine, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a prensa, a Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.
- \* Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices/zas da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou medios dixitais.
- \* Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

#### **CONTIDOS LINGÜÍSTICOS DO BLOQUE 3 PARA 4º da ESO**

	VOCABULARIO e FUNCÍONS	GRAMÁTICA
1.	Food and drink Ordering in a restaurant	Present Simple
2.	Sports and exercise Likes and dislikes	Present Simple Adverbs of Frequency
3.	Daily activities Telephone language	Present Continuous Prepositions of place
4.	Problems Dealing with problems	Past tense of 'be' Time expressions with the past
5.	Holidays activities	Past simple: Regular and irregular verbs



	Expressing opinions	
6.	Clothing Trying on clothes	Comparative and superlative adjectives
7.	Appearance and personality Making a date	'be like' and 'look like' Countable and uncountable
8.	Places around town Asking the way	There is/are Can and can't
9.	Studies and careers Career advice	Be going to + verb Have to and want to

#### 4. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

##### MINIMOS ESIXIDOS

Para superar o curso deberás demostrar:

- ° Capacidade de comprender:
  - Textos auténticos sencillos (cartas, artigos de interese xeral, anuncios, avisos, relatos, etc)
- ° Capacidade de expresar as tuas ideas:
  - En conversación
  - Ante un público
  - Por escrito
- ° Capacidade de usar correctamente expresións apropiadas á situación e ao que queiras comunicar.
- ° Todo isto con:
  - corrección gramatical
  - vocabulario axeitado
  - pronuncia comprensible
  - entoación axeitada
  - variedade de vocabulario e estruturas
  - claridade (na organización, presentación etc)
  - respostas axeitadas á situación
- ° Ser capaz de iniciar e manter unha conversa pedindo e dando aclaracións sobre do que se quere dicir, sempre que sexa necesario
- ° Progreso na aprendizaxe da lingua e nas formas de traballar (estratexias, uso de fontes, etc)
- ° Progreso na autocorrección
- ° Reflexionar sobre da lingua inglesa e o seu funcionamento.
- ° Reflexionar e buscar información sobre como podes aprender mellor, e tomar as medidas necesarias para levar isto adiante.
- ° Colaborar na
  - planificación
  - realización
  - análise e avaliación do traballo individual e de grupo
- ° Traballo suficiente, organizado e continuado.

## **5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **I. Proposta de avaliación inicial.**

Ao inicio do curso realizaranse actividades que permitan establecer o nivel do grupo e de cada alumno ou alumna. O profesorado que imparte clase no programa avaliará a situación concreta de cada alumno e alumna e fixará actividades individuais ou actividades de aula que palien a situación.

O alumnado que acceda ao programa de diversificación curricular sen acadar os obxectivos da materia no 1º ciclo da ESO realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalos no desenvolvemento do programa.

### **II. Criterios de avaliación.**

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e axeitada aos contidos
2. O profesorado avaliará o alumnado tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo.
3. As competencias básicas e os obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria serán os referentes fundamentais para avaliar a este alumnado, xunto cos criterios de avaliación específicos establecidos para a materia de inglés.
4. Aos criterios específicos da materia de inglés se engaden criterios para este curso de diversificación, orientados a facilitar a comprensión dos criterios para o alumnado correspondente.
5. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, revisando os programas e a metodoloxía onde proceda.

### **III. Criterios de avaliación específicos desta materia (xerais para 3º ESO)**

#### **1. Comprender a idea principal e algúns detalles relevantes de textos en mensaxes orais sinxelas sobre temas concretos e coñecidos emitidas con claridade.**

Este criterio avalía a capacidade para seguir instrucións, comprender avisos, diálogos ou exposicións breves sobre temas coñecidos como lecer e tempo libre, preferencias, experiencias persoais, organización da aula, e aqueles nos que identifiquen a intención do falante ben cara a cara ou emitidos por medios audiovisuais cunha pronuncia estándar utilizando as estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

**2. Participar en conversas e simulacións breves, relativas a situacións habituais ou de interese persoal e con diversos fins comunicativos, empregando as convencións propias da conversa e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción.**

Con este criterio avalíase a capacidade para desenvolverse en conversas empregando as estratexias adecuadas para comprender e facerse comprender co fin de expresar gustos, necesidades, sentimentos, dar e procurar información, dar opinións e relatar experiencias.

**3. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos, de extensión variada recoñecendo feitos e opinións e identificando, no seu caso, a intención comunicativa do autor.**

A través deste criterio avalíase a capacidade para comprender diferentes tipos de textos escritos (narrativos, descritivos, argumentativos) que traten temas de interese xeral ou relacionados con outras áreas do currículo, aplicando as estratexias de lectura coñecidas e outras novas como a identificación do tema por medio de elementos textuais e paratextuais

**4. Redactar de forma guiada textos diversos, coidando o léxico, as estruturas, e algúns elementos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensibles ao lector.**

Este criterio pretende avaliar a capacidade para comunicarse por escrito iniciándose na elaboración e revisión de borradores e na elección do rexistro adecuado. Os textos presentarán unha sintaxe simple e facilmente comprensible, léxico limitado pero axeitado ao contexto, e a ortografía e a puntuación correctas.

**5. Empregar de xeito consciente en contextos de comunicación variados os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.**

A través deste criterio apreciarase a capacidade para aplicar de xeito cada vez máis autónomo os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico e reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posible a comprensión tanto das súas propias producións como das alleas.

**6. Identificar e utilizar diferentes estratexias empregadas para progresar na aprendizaxe.**

Este criterio pretende avaliar se se utilizan as estratexias que favorecen o proceso de aprendizaxe como valoración dos seus progresos e a reflexión sobre a propia aprendizaxe; a utilización de estratexias diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico; o uso cada vez máis autónomo de dicionarios, recursos bibliográficos, informáticos e dixitais; a análise e a reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece, a utilización consciente das oportunidades de aprendizaxe na aula e fóra dela e o uso de mecanismos de autocorrección.

**7. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación de xeito progresivamente autónomo para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, amosando interese polo seu uso.**

Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías de información e comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais tanto orais como escritas. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a súa actitude cara á lingua estranxeira e os seus intentos por empregala.

**8. Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, sinalar as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade da que se estuda a lingua e amosar unha valoración positiva de patróns culturais distintos aos propios.**

A través deste criterio apreciarase se os alumnos e alumnas son quen de identificar nos textos orais e escritos algúns trazos significativos e característicos da cultura xeral dos países onde se fala a lingua estranxeira, se poden describilos de xeito claro e sinxelo e amosan respecto cara aos valores e comportamentos doutros pobos, superando así algúns estereotipos.

**9. Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.**

Trátase de avaliar a capacidade de facer mediación entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.

#### **IV. Criterios de avaliación específicos para o programa de diversificación**

1. realización das tarefas de audio/video
2. organización e actualización dos cadernos de clase ou outro sistema de traballo, segundo as pautas explicadas nas clases
3. asistencia á clase co material de traballo correspondente
4. aprendizaxe e aplicación de sistemas de autocorrección
5. uso autónomo de recursos
6. participación activa nas actividades propostas

V. O alumado deste PROGRAMA será avaliado, ademais de cos CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN, de acordo cos diferentes **graos de consecución das capacidades específicas** para:

- Comprender de xeito global, segundo as pautas dadas, textos orais e escritos: cancións, diálogos, narracións, cartas...

- Relacionar textos orais con ilustracións e textos escritos.
- Extraer información específica de textos orais e escritos auténticos: detectar palabras clave e contestar a algunhas preguntas.
- Extraer información específica de textos orais para completar táboas, frases . . .
- Usar o inglés oralmente para describir, opinar, formular preguntas e respostas, etcétera., apoiándose en ilustracións, textos escritos ou cintas e vídeos.
- Clasificar o vocabulario segundo uns criterios dados: campo semántico, función...
- Completar descrições, formularios, enquisas, notas breves, etcétera., usando unhas palabras dadas e seguindo un modelo.
- Producir textos orais e escritos comprensibles cun nivel básico de corrección e precisión .
- Autocorrección de textos orais ou escritos onde a parte errónea téñase identificada previamente.
- Realizar un proxecto usando o vocabulario e as estruturas aprendidos e información gráfica seguindo unhas pautas dadas.
- Participar activamente en clase, usando estratexias para non romper a comunicación: xestos, debuxos...
- Aplicar distintas técnicas na obtención de información usando fontes como dicionarios, enciclopedias, revistas, vídeos...
- Mostrar curiosidade e respecto por aspectos socioculturais dos países anglófonos participando en dramatizacións, realizando as actividades propostas e analizando cancións segundo unhas pautas dadas.
- Valorar comportamentos que favorecen a comunicación e a convivencia, escoitando con respecto ós compañeiros e compañeiras, usando fórmulas de respecto...
- Realizar con resultado satisfactorio as probas e tarefas que se realicen ao longo do curso nas as catro habilidades lingüísticas: **Listening, Speaking, Reading & Writing**

- |  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• É OBRIGATORIA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE LECTURA COMPRENSIVA DO NÚMERO DE LIBROS GRADUADOS QUE CADA PROFESOR OU PROFESORA INDIQUE, ASÍ COMO A ENTREGA DOS <i>READING REPORTS</i> CORRESPONDENTES EN PRAZO E XEITO ACORDADOS CUN MÁXIMO DE TRES POR CURSO</li> <li>• DO MESMO XEITO É UNHA OBRIGA A REALIZACIÓN DAS TAREFAS DE AUDIO E VÍDEO QUE LLE SEXAN ENCOMENDADAS POLO PROFESORADO, ASEMADA DAS PROBAS, PRESENTACIÓNS E ACTIVIDADES ORAIS E ESCRITAS.</li> <li>• O PROFESORADO RECOMENDARÁ POR ESCRITO A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE VERÁN COMO SISTEMA DE REPASO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE NON APROBE A MATERIA EN XUÑO E TEÑA QUE SE PRESENTAR NA CONVOCATORIA DE SETEMBRO.</li> <li>• Os criterios e peso das cualificacións da cada parte das probas escritas estableceranse explicitamente en cada unha das mesmas.</li> </ul> |
|--|

## 6. MÉTODOS PEDAGÓXICOS

Os programas de diversificación curricular, como medida excepcional de atención á diversidade, deben contemplar un tratamento distinto dos contidos que integran, de forma xeral, o currículo. Como criterio básico estará a determinación dos contidos nucleares ou fundamentais do currículo, aqueles que resultan imprescindibles para aprendizaxes posteriores e que contribúen ao desenvolvemento das competencias básicas.

Na súa estrutura, que supera a presentación disciplinar, procurarase a integración das distintas materias, arredor de unidades ou bloques, cunha dimensión globalizadora ou interdisciplinar.

Dende a materia de inglés intentarase a comunicación continua e directa co profesorado das outras materias á fin de levar adiante propostas metodolóxicas converxentes e manter unha fluidez 'integradora' en canto á temática proposta ao alumnado.

A acción titorial ten un papel básico para introducir accións xerais que contribúan a isto, en concreto en canto a:

- unha organización da aula, que contribúa á participación e comunicación
- negociación dunhas regras de aula básicas e xerais para todas as materias
- reunións periódicas do equipo docente

**-Fomentarse a participación activa do alumnado, tanto de xeito individual como no traballo en grupo, favorecendo a cooperación a través do traballo compartido.**

**-Incidirase na procura de que o alumnado sexa capaz de aprender a aprender e de aumentar o grao de autonomía persoal, promocionando o uso consciente de estratexias de aprendizaxe e de autoavaliación.**

**-Traballarse con tarefas comunicativas que contribúan ao desenvolvemento persoal e social do alumnado.**

**-A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua.** Se no proceso de avaliación continua se advertise que unha alumna ou un alumno non progresa adecuadamente, o profesorado, tan pronto como detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará medidas de reforzo educativo que permitan continuar o proceso educativo.

Así que, en xeral, as liñas metodolóxicas xerais tenderán a :

- \_ Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal
- \_ Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos, ideas
- \_ Fomentar a formulación de hipóteses.
- \_ Busca, selección e tratamento da información
- \_ Fomentar a confrontación clara, respectuosa das mesmas
- \_ Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización
- \_ Elaborar percorridos ordenados, lóxicos dende a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados
- \_ Expresión correcta, clara, ordenada, dos resultados

- Comprobación noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

Teráanse en conta os seguintes procedementos:

- Reinicio da aprendizaxe dos fundamentos.
- Comprensión global de textos orais e escritos: cancións, receitas, anuncios, obras literarias, diálogos.
- Identificación e análise da forma, a función e o significado dos elementos que integran o sistema lingüístico: tempos verbais, substantivos contable e incontables, formas comparativas de adxectivos...
- Deducción dalgúns aspectos do funcionamento da lingua inglesa.
- Recoñecer e producir sons da lingua inglesa.
- Produción de textos orais e escritos: enquisas, notas biográficas, descrições...
- Participación activa en diálogos, enquisas e dramatizacións usando estratexias para manter a comunicación.
- Aplicación de coñecementos doutras áreas do currículo á área de inglés: ciencias naturais e sociais, matemáticas, lingua...
- Extracción do senso global de textos orais e escritos.
- Extracción de información específica de textos orais, escritos auténticos: orixe, xénero de texto, palabras clave.
- Cumprimento de formularios, enquisas e cartas e produción de breves textos escritos.
- Uso de diferentes formas de aprender o Inglés: realizar proxectos, escoitar música pop, ler textos ...
- Fichas de autoavaliación
- Lecturas graduadas.

## 7. OS MATERIAIS A UTILIZAR

Os materiais de uso diario nas aulas deberán ser o máis práctico e sinxelo que sexa posible.

Os materiais poderán ser aportados polo profesorado, e proporcionados polo sistema público de Ensino, dentro do Programa de Gratuidade de libros.

- Soportes vídeo e audio de situacións comunicativas sinxelas e didacticamente explotables neste Programa especial.
- Fotocopias con materiais escritos e gráficos de doada explotación nas clases.
- O diccionario tipo 'OXFORD POCKET' para o uso diario.
- Libros de texto ou actividades axeitados e mercadas polo Departamento de Inglés para o seu uso polo alumnado deste Programa. Estes libros deberán ser axeitados o nivel e idade do alumnado, e serán usados en calidade de préstamo durante a duración do programa.

O Departamento de Inglés instará á adquisición dos medios existentes no mercado e que se consideren axeitados e aconsellables para facilitar o traballo nas clases deste Programa, que pola súa excepcionalidade necesita duns medios excepcionais, tendo en conta os datos da avaliación inicial e posteriores do alumnado.



# CONCRECIÓNS PARA O BACHARELATO

## Obxectivos.

1. Comprender o sentido xeral, a información específica e os detalles necesarios de textos orais transmitidos en situacións cara a cara ou por medios técnicos, emitidos nunha lingua estándar e que traten temas habituais vinculados coa vida persoal e social e as distintas disciplinas do currículo.
2. Producir textos orais coherentes e adecuados a distintas situacións de comunicación propias da idade e do nivel académico de estudos, con razoable fluidez e corrección, asegurando na interacción e a eficacia comunicativa dos discursos emitidos.
3. Escribir, en soportes variados, diversos tipos de textos sinxelos, ben organizados e con razoable corrección lingüística e formal, sobre temas próximos e con distintos propósitos comunicativos.
4. Comprender textos escritos en lingua estándar, tanto en rexistro formal como familiar, que aborden unha temática xeral ou relacionados co ámbito académico propios da idade e do nivel de estudos.
5. Ler de forma autónoma textos xornalísticos, de divulgación científica e literarios, seleccionando a estratexia de lectura apropiada ao propósito da lectura e valorando esta como fonte de información, coñecemento e lecer.
6. Utilizar e valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio para acceder á información e a outros coñecementos e culturas, e recoñecer a súa importancia como medio de comunicación e entendemento internacional nun mundo multicultural e plurilingüe.
7. Coñecer os trazos sociais e culturais fundamentais dos países en que se fala a lingua estranxeira tomando conciencia das similitudes e diferenzas entre estes e os propios, e evitando toda discriminación e estereotipos culturais e lingüísticos.
8. Utilizar a mediación entre persoas que non poden entenderse para facilitar que a comunicación se realice sen malentendidos e mellorar a comprensión intercultural.
9. Saber planificar a propia aprendizaxe e adoptar unha postura activa e responsable dela, utilizando recursos, como as tecnoloxías da información e da comunicación, e estratexias para mellorar o desenvolvemento da competencia comunicativa e poder guiar a aprendizaxe de forma consciente dentro e fóra da aula.
10. Afianzar estratexias de autoavaliación na adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira amosando neste proceso actitudes de iniciativa, confianza e responsabilidade.

## Contidos.

### Escoitar, falar e conversar.

#### \* Escoitar e comprender.

- Comprensión xeral e específica de discursos, presentacións e conferencias en que se traten temas de interese xeral ou relacionados co seu ámbito académico de coñecemento e realizados en lingua estándar e de xeito claro e pausado.
- Comprensión xeral e específica de mensaxes transmitidas por medios de comunicación, emitidas tanto en lingua estándar como por falantes con diferentes acentos pero cunha cadencia normal.
- Comprensión de interaccións orais de carácter persoal, familiar ou público suficiente para poder reaccionar con espontaneidade.
- Uso de estratexias de comprensión como a identificación do propósito e do contexto comunicativo do texto, a elaboración de hipóteses sobre o contido, a inferencia de significados e o apoio no contexto total lingüístico e non lingüístico.
- Toma de conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais e escritos sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.

### \* **Falar e conversar.**

- Produción oral atendendo á súa planificación e utilizando estratexias de comunicación como o uso de circunloquios, paráfrases ou substitucións léxicas, que permiten sacar proveito dos medios lingüísticos dispoñibles.
- Utilización de mecanismos de coherencia e cohesión textual propios da lingua oral.
- Participación en conversacións e debates utilizando o rexistro adecuado á situación de comunicación e estratexias de colaboración.
- Expresión de opinións, suxestións e argumentos en intercambios sociais achegando exemplos e explicacións que faciliten a comprensión, cunha reacción lingüística e social adecuada aos puntos de vista e opinións dos demais participantes na interacción.
- Descrición de experiencias, acontecementos, desexos, plans e aspiracións respondendo a preguntas para dar detalles necesarios para o éxito da comunicación.
- Produción oral planificada sobre temas xerais e académicos propios da idade e do nivel de estudos, nunha secuencia lineal, apoiándose en notas e elementos gráficos e respondendo a preguntas complementarias de carácter previsible.
- Resumo oral do sentido dun texto galego ou castelán oral ou escrito, coa finalidade de facelo comprensible a falantes da lingua estranxeira.

### **Ler e escribir.**

#### \* **Comprensión de textos escritos.**

- Comprensión de información xeral de textos xornalísticos, literarios ou académicos, en soporte papel e dixital, que traten temas próximos e coñecidos, identificando o propósito comunicativo, as ideas principais e, se é o caso, o punto de vista de quen os escribe.
- Localización e comprensión de información específica en documentos escritos de uso cotián e en documentos oficiais breves e habituais.
- Uso e consolidación de diferentes estratexias de lectura, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e o apoio na organización da información e no tipo de texto.
- Lectura autónoma de textos de diversa extensión e natureza -académicos, persoais, literarios e xornalísticos-recorrendo ao uso de estratexias de lectura adecuadas á finalidade desta.
- Uso, progresivamente autónomo, de distintas fontes en soporte papel, dixital ou multimedia para obter información co fin realizar tarefas concretas.

#### \* **Composición de textos escritos.**

- Composición de textos escritos atendendo ás secuencias de planificación, á textualización e revisión do texto obtido, á persoa ou persoas a quen se dirixe e ao tipo de texto que corresponda á intención de comunicación, utilizando mecanismos de coherencia e cohesión textual.
- Composición de textos diversos -descritivos, narrativos, argumentativos e explicativos- relativos aos ámbitos persoal, público e educativo, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.
- Presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a súa importancia nas comunicacións escritas.

### **Coñecemento da lingua.**

#### \* **Coñecementos lingüísticos.**

- Ampliación do uso de elementos morfosintácticos e léxicos que permiten recoñecer, formular e organizar distintos tipos de texto.
- Recoñecemento e uso de expresións frecuentes e de locucións idiomáticas, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade e relacionados con contidos académicos.
- Uso de antónimos, sinónimos e falsos amigos, substitución léxica sinxela e formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición.
- Recoñecemento e produción autónoma e intelixible de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación necesarios para a comprensión e expresión de actitudes, sentimentos e reaccións.
- Uso do alfabeto internacional para mellorar a produción oral propia.

#### \* **Reflexión sobre a aprendizaxe.**

- Selección, organización e uso autónomo de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas e recursos dixitais e informáticos.
- Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar o léxico e as estruturas lingüísticas.
- Reflexión sobre as estratexias utilizadas para mellorar as producións propias e para comprender máis eficazmente as realizadas por outras persoas.

- Identificación das causas dos propios erros, considerándoos parte natural de todo proceso de aprendizaxe e uso autónomo de estratexias de autocorrección e de reparación, e máis interese por superalos.
- Esfuerzo por lograr unha progresiva espontaneidade no emprego da lingua á hora de realizar as tarefas de aprendizaxe.
- Participación activa nas tarefas de aprendizaxe amosando iniciativa, creatividade, e confianza nas propias posibilidades.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela, recorrendo ás tecnoloxías da información e da comunicación.

### **Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.**

- Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural galega, española e europea, e aceptación da pertenza a unha sociedade pluricultural, evitando actitudes etnocéntricas e androcéntricas.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación e a comunicación con persoas pertencentes a outras culturas.
- Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou tecnoloxías da comunicación que permiten os intercambios orais e escritos.
- Uso apropiado, desde o punto de vista sociocultural, de rexistros, de marcadores lingüísticos de relacións sociais, de exclamacións e interxeccións e das normas de cortesía en situacións concretas de comunicación.
- Establecemento de relacións entre a cultura propia e a cultura propia da lingua inglesa para cumprir o papel de intermediación cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais e esforzándose por superar relacións estereotipadas.

### **Criterios de avaliación xerais para todo o Bacharelato, concretados despois na sección de cada curso.**

1. Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais emitidas en situacións de comunicación interpersonal ou polos medios audiovisuais sobre temas concretos relacionados cos ámbitos persoal, público e académico, realizados en lingua estándar e de xeito claro e pausado.

*Con este criterio trátase de avaliar a capacidade dos alumnos e das alumnas para comprender información concreta de discursos orais, identificando tanto a idea principal como detalles específicos. Os discursos -conversacións cara a cara, presentacións e conferencias, avisos, instrucións, noticias de informativos, pasaxes narrativas...- serán claros e textualmente ben organizados e estarán emitidos nunha lingua estándar, cun acento normal e cadencia pausada, aínda que sexa emitida nun rexistro formal.*

2. Participar activa e autonomamente e con eficacia na comunicación da aula, en conversas, debates e simulacións, con diversos propósitos comunicativos, e diferentes funcións do discurso, intercambiando opinións, achegando suxestións e respondendo a elas, coincidindo e discrepando sobre temas xerais ou específicos dunha materia, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, pedindo aclaración sobre palabras clave que non entende, reformulando e rectificando se non consegue facerse comprender e distinguindo un cambio de tema se a persoa interlocutora articula con claridade.

*Trátase con este criterio de verificar a capacidade de desenvolverse en interaccións sociais con finalidades comunicativas diversas (opinar, suxerir, argumentar) e de usar adecuadamente saúdos, fórmulas de tratamento, normas de cortesía e linguaxe corporal propios de contextos de comunicación próximos tanto informais como formais (académicos, de relación entre xeracións, etc.). Avaliarase tamén o uso de estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas: verificando a comprensión propia e a das outras persoas e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.*

*Trátase igualmente de valorar o uso dos recursos textuais e lingüísticos adquiridos e a súa adecuación sociolingüística, considerando, así mesmo, a utilización de frases feitas e locucións idiomáticas habituais da comunidade en cuestión. Valorarase igualmente a independencia progresiva dos modelos.*

3. Expresarse con razoable fluidez e corrección gramatical, coherencia, certa riqueza léxica e pronunciación, ritmo e entoación adecuados, facéndose entender con claridade nunha variedade de situacións.

*Trátase de verificar a capacidade de expresarse de forma intelixible, prestando atención, non só á pronunciación silábica e de palabras, senón tamén á vinculación entre sílabas e palabras da frase, respectando e reproducindo os patróns acentuais e as tendencias rítmicas propias da lingua estranxeira.*

4. Realizar oralmente breves exposicións previamente planificadas sobre temas xerais ou académicos propios do nivel de estudos, nunha secuencia cohesionada e lineal, utilizando apoios textuais e gráficos, e achegando explicacións e exemplos cando llelos soliciten, de maneira que se faga entender sen dificultade a maior parte do tempo.

*Trátase de valorar a capacidade do alumnado de producir un discurso breve, sinxelo, coherente e claro que poida ser seguido sen esforzo. Valorarase a súa corrección lingüística e que as ideas principais estean explicadas con léxico adecuado e razoable precisión.*

5. Mediar entre falantes que teñen dificultade para entenderse por descoñecemento da lingua ou de aspectos socioculturais, aclarando o sentido de textos orais e escritos coa finalidade de garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

*Trátase con este criterio de resumir un texto oral ou escrito desligándose da formulación lingüística orixinal, e expresando o sentido na propia lingua ou na lingua estranxeira, adecuándoo así a unha persoa interlocutora próxima, que descoñece a lingua e cultura estranxeira ou propia da persoa aprendiz, coa finalidade de facer o texto comprensible e de evitar malentendidos entre falantes e culturas.*

6. Uso de diversas estratexias de expresión oral e escrita como a planificación e o axuste da mensaxe aos medios lingüísticos dispoñibles e á información procedente da actitude das persoas participantes na interacción.

*Trátase de valorar que o alumnado planifique a súa intervención na interacción oral e escrita atendendo á persoa ou persoas destinatarias, decidindo a intencionalidade comunicativa, o tema e as rutinas, frases feitas, modelos e esquemas de interacción que facilitarán a interpretación da súa mensaxe. Valorarase que se logre a comunicación aínda que sexa utilizando circunloquios, paráfrases e substitucións léxicas.*

*Na interacción oral valorarase igualmente a colaboración no desenvolvemento dos temas (iniciar un tema, ampliálo, acabalo, cambiar de tema) e nas quendas de palabra (cando e canto falar, cando se debe ceder a palabra, etc.), así como a toma en consideración dos elementos non lingüísticos (xestos, expresións faciais e movementos das persoas interlocutoras) para reconducir o tema ou achegar aclaracións para lograr o éxito da comunicación.*

7. Ler con autonomía textos, cun obxectivo preciso de lectura, redactados nunha lingua estándar e relacionados tanto coa vida cotiá como co contexto educativo, para identificar as ideas máis significativas, a liña argumental ou a información relevante para realizar unha tarefa.

*Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de buscar e comprender a información xeral ou específica transmitida en textos variados -cartas, listaxes, prospectos, catálogos, correspondencia persoal e formal, informes, multas e sancións, actas, artigos, pasaxes de obras literarias en prosa, publicados en xornais e revistas de carácter xeral ou de divulgación, páxinas web ou libros de consulta.*

*Valorarase, así mesmo, o uso de estratexias de lectura que permitan que esta sexa máis eficaz.*

8. Redactar textos diversos, seguindo conscientemente o proceso de produción escrita utilizando os esquemas textuais propios de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto comunicativo e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan facilmente comprensibles na súa lectura.

*Trátase de apreciar a capacidade para comunicarse por escrito, prestando especial atención á planificación do proceso de escritura nas súas accións sucesivas: planificación, xeración de ideas, textualización e revisión e redactándoos de forma clara e ordenada, cunha estrutura adecuada e lóxica. En todos os escritos, en papel ou soporte dixital, avaliarase o respecto das regras básicas de ortografía e puntuación, así como a presentación clara, limpa e ordenada.*

9. Utilizar de forma consciente os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos adquiridos, así como identificar e utilizar de xeito progresivamente autónomo estratexias de aprendizaxe, explicar as utilizadas, poñer exemplos doutras posibles e decidir sobre as que son máis axeitadas ao obxectivo da aprendizaxe.

Con este criterio preténdese verificar se alumnos e alumnas manexan estruturas gramaticais, conectores e ordenadores do discurso complexos que expresan maior grao de madurez sintáctica. Tamén se valora a utilización de léxico máis especializado, o perfeccionamento na pronunciación e a maior corrección ortográfica.

*Pretende igualmente avaliar se as alumnas e os alumnos utilizan as estratexias apropiadas que favorecen o proceso de aprendizaxe, como a aplicación autónoma de formas diversas para almacenar, memorizar, ampliar e revisar o léxico; o uso autónomo de dicionarios, gramáticas, material de consulta, recursos bibliográficos, informáticos e dixitais; a análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece, a utilización consciente das oportunidades de aprendizaxe na aula e fóra dela, a participación na avaliación da propia aprendizaxe ou o recurso autónomo a mecanismos de autocorrección.*

10. Analizar, a través de documentos auténticos en diferentes soportes, aspectos característicos sociais, culturais, históricos, xeográficos e artísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos.

A través deste criterio apreciarase o coñecemento dos trazos máis importantes e característicos da sociedade, cultura, historia, xeografía e manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua inglesa. Trátase de verificar igualmente se, a medida que se vai ampliando a experiencia lingüística do alumnado e o coñecemento de aspectos socioculturais doutros países e comunidades, se vai consolidando un modo de competencia plurilingüe e pluricultural constituída pola complexa rede de relacións que se establecen entre os coñecementos lingüísticos e culturais.

# Primeiro curso

## . OBXECTIVOS DA ETAPA

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de

vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

### 3. COMPETENCIAS CLAVE

#### 3. A) As COMPETENCIAS CLAVE NO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL

As orientacións da **Unión Europea** insisten na necesidade da adquisición das competencias Clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posible o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Contémplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

As competencias conceptualízanse como un «saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias e a vinculación de leste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran.

O coñecemento competencial integra un coñecemento de base conceptual: conceptos, principios, teorías,

datos e feitos (coñecemento declarativo-saber dicir); un coñecemento relativo ás destrezas, referidas tanto á acción física observable como á acción mental (coñecemento procedimental-saber facer); e un terceiro compoñente que ten unha gran influencia social e cultural, e que implica un conxunto de actitudes e valores (saber ser).

Por outra banda, a aprendizaxe por competencias favorece os propios procesos de aprendizaxe e a motivación por aprender, debido á forte interrelación entre os seus compoñentes: o coñecemento de base conceptual (“coñecemento”) non se aprende á marxe do seu uso, do “saber facer”; tampouco se adquire un coñecemento procedimental (“destrezas”) en ausencia dun coñecemento de base conceptual que permite dar sentido á acción que leva a cabo.

Dado que a aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino-aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais.

O seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no uso das mesmas.

Ademais, esta aprendizaxe implica unha formación integral das persoas que, ao finalizar a etapa académica, serán capaces de transferir aqueles coñecementos adquiridos ás novas instancias que aparezan na opción de vida que elixan. Así, poderán reorganizar o seu pensamento e adquirir novos coñecementos, mellorar as súas actuacións e descubrir novas formas de acción e novas habilidades que lles permitan executar eficientemente as tarefas, favorecendo unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

As **Competencias Clave do currículo** son as seguintes:

- 1.º **Comunicación lingüística. (CCL)**
- 2.º **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)**
- 3.º **Competencia dixital. (CD)**
- 4.º **Aprender a aprender. (CAA)**



5.º Competencias sociais e cívicas. (CSC)

6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (SIE)

7.º Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

Potenciarase o desenvolvemento das **Competencias básicas ou disciplinares** (Comunicación lingüística, Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía), aínda que tamén se atenderá ao resto de **Competencias Clave de tratamento transversal**

## SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

UNIDADE 1: Work and play

UNIDADE 1 - LESSON 1

